

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
O/A CONCELEIRO/A - SECRETARIO/A DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Documento	Expediente	Fecha
CONVI09K	CON/23/2011	21-03-11 14:00

**PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS REGULADORAS, PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA E COMUNITARIA Á INFANCIA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

O obxecto deste contrato é a prestación do servizo de atención domiciliaria e comunitaria á infancia conforme ás prescricións técnicas contidas no "Regulamento de funcionamento do Servizo" aprobado polo Pleno da Corporación, na sesión do 25 de marzo de 2010, e publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 102, de 2 de xuño de 2010, e que forma parte deste prego como ANEXO I.

Para estes efectos, enténdese por **servizo de atención domiciliaria e comunitaria á infancia**, o conxunto organizado e integrado de medidas e prestacións orientadas a favorecer:

- o A conciliación nos eidos laboral, familiar e persoal, beneficiando tanto ós menores como á unidade de convivencia no seu conxunto e, apoiando especificamente, ás mulleres, no seu proceso de participación socio-laboral.
- o De apoio a cidadanía, con cargas familiares prestado por persoal cualificado no domicilio familiar, e cando se trate de entidades ou asociacións beneficiarias, nun lugar habilitado para o coidado de menores, durante o tempo que a persoa beneficiaria, desenvolva unha actividade de carácter laboral, formativo ou social.
- o Apoio a unidade de convivencia, a fin de lograr a optimización das destrezas, capacidades e habilidades persoais e familiares, que permitan o máximo grao de autonomía.

**1.-CARACTERISTICAS DO SERVIZO**

**1. MODALIDADES DO SERVIZO**

A atención prestada polo Servizo de Atención Domiciliaria e Comunitaria á Infancia realizarase consonte as seguintes modalidades acorde co Regulamento de Funcionamento de prestación do mesmo:

**1.1 Atención familiar:**

1.1.1) O servizo de atención familiar realizarase no enderezo particular da persoa solicitante por un/unha profesional que se desprazará ata dito enderezo.

O servizo inclúe as accións que se relacionan a continuación, que se realizarán en función das idades e características dos e das menores:

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
O/A CONCELLEIRO/A - SECRETARIO/A DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,		
Documento	Expediente	Fecha
CONVI09K	CON/23/2011	21-03-11 14:00

- Subministrar e quentar alimentos previamente preparados.
- Axudar para comer.
- Realizar as tarefas relacionadas co aseo ou hixiene.
- Dispensar os coidados necesarios en caso de enfermidade, en ausencia dos proxenitores ou persoas responsables.
- Proporcionar menciñas en caso de enfermidade, segundo as prescricións médicas e baixo as orientacións dos proxenitores ou persoas responsables.
- Planificar e realizar actividades de ocio.
- E todos aqueles coidados que precise o/a menor que estean vencelladas ao seu benestar.

1.1.2) O servizo de atención familiar terá tamén como posibles beneficiarios as unidades de convivencia con especiais dificultades na atención de menores, que serán valoradas polo persoal técnico do Departamento de Igualdade, previo informe da Unidade de Atención ás Familias.

Á parte das atencións recollidas con anterioridade neste tipo de intervención cómpre salientar de modo xenérico as seguintes:

- Atención á infancia en unidades de convivencia con especiais dificultades, apoio en tarefas de atención a menores, pautas de hixiene e alimentación, control de asistencia escolar e outros apoios concorrentes tendentes a fomentar o seu desenvolvemento e autonomía persoal.
- Actividades e tarefas que, desde unha perspectiva e estratexia educativa, van dirixidas a promover e fomentar a adquisición, recuperación, aprendizaxe e manexo de destrezas, condutas e habilidades básicas, para potenciar ao máximo a autonomía da persoa e o seu contorno.

1.1.3) O servizo concedido realizarase sempre pola mesma ou mesmo profesional a quen se lle asigne a atención solicitada, salvo imposibilidade debidamente xustificada e comunicada ao Departamento de Igualdade.

A/o profesional asignada/o será presentada/o á nai, ao pai ou as persoas titoras ou acolledoras, nunha entrevista organizada pola empresa adxudicataria pola persoa designada para coordinar o servizo, e comunicada previamente ao antedito Departamento de Igualdade.

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 54.- PLOBA		
O/A CONCELLEIRO/A - SECRETARIO/A DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.		
Documento CONVI09K	Expediente CON/23/2011	Fecha 21-03-11 14:00

Os servizos que se presten na modalidade de atención familiar inclúen as accións que se deben realizar en función das idades dos e das menores e aquelas que se determinen nos informes do persoal técnico do Departamento de Igualdade. Exclúense expresamente das tarefas a desempeñar a realización de actividades relacionadas co servizo doméstico, salvo que estean vencelladas estreitamente ao benestar dos e das menores.

### 1.2 Atención colectiva:

A modalidade de atención colectiva prestarase para a atención e coidado de menores cuxos proxenitores ou persoas titoras ou acolledoras participen nunha actividade organizada por un colectivo de carácter social e/ou formativo, do seguinte xeito:

1.2.1 O servizo solicitarase polo colectivo responsable da realización da actividade, de conformidade co disposto no artigo 9.2 deste regulamento.

1.2.2 A prestación do servizo desenvolverase nos locais que procure a propia entidade solicitante, sendo as súas características as que se relacionan a continuación:

- a) Serán espazos adecuados para o desenvolvemento de actividades dirixidas a grupos de menores de idades comprendidas entre os catro meses e os doce anos.
- b) O número máximo de menores dependerá da capacidade do local. E o número mínimo de menores cos que contará a realización da actividade colectiva será de tres, agás excepcións que serán valoradas tecnicamente.

## 2. PERSOAS DESTINATARIAS

2.1. Persoas en cuxa unidade de convivencia existan menores ao seu cargo e se dean unha serie de factores económicos, laborais, educativos, familiares e sociais que serán avaliados polo Departamento de Igualdade do Concello de Santiago.

Accederán a este servizo aquelas unidades de convivencia que teñan menores con idades comprendidas entre os catro meses e os doce anos, que reúnan os requisitos establecidos neste regulamento e no seu baremo económico.

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 54.- PLOBA		
O/A CONCELLEIRO/A - SECRETARIO/A DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,		
		
Documento	Expediente	Fecha
CONVI09K	CON/23/2011	21-03-11 14:00

2.2. Unidades de convivencia con especiais dificultades na atención de menores, cando así resulte da valoración feita por parte do persoal técnico municipal, nos seus informes.

2.3. Así mesmo poderán beneficiarse deste servizo asociacións ou entidades sen ánimo de lucro, en cuxos estatutos figure o seu fin social, e que programen actividades destinadas a cidadanía, de carácter social ou formativo, sempre e cando dita actividade se poida desenvolver nos locais designados pola propia entidade e reúnan as condicións de seguridade para a atención das e dos menores das persoas participantes, valorados como idóneos polo propio Concello ou/e a entidade adxudicataria.

### **3. HORARIO E PERÍODO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO**

a) O servizo de atención familiar prestarase de luns a venres en horario comprendido entre as 07:30 h e as 22:00 h., ao longo de todo o ano, e fóra do horario escolar excepto festividade (agás excepcións). Poderase ampliar ó horario atendendo a casos concretos de traballo nocturno ou de fin de semana.

O servizo de atención colectiva prestarase os días laborais, en horario das 15:00 ás 22:00 h, ao longo de todo o ano, e excepcionalmente domingos e festivos segundo a dispoñibilidade do servizo.

b) O Departamento de Igualdade, órgano competente para a vixilancia do contrato, determinará o prazo máximo e número de horas de aplicación do servizo por unidade de convivencia ou entidade social, en función da causa que orixine o servizo. Non obstante, establécese o seguinte tope máximo:

1b) Atención familiar, virá determinado polo informe técnico que dea inicio ao expediente.

2b) Atención colectiva de 80 horas ao ano a utilizar por cada entidade social, sempre condicionado ao caso que orixine a alta no servizo.

### **2.- REQUISITOS DA ENTIDADE CONTRATANTE CON RELACIÓN Á XESTIÓN DO SERVIZO. CONDICIÓN XERAIS.**

A empresa adxudicataria deberá prestar o servizo de conformidade co disposto neste prego de condicións e no Regulamento de funcionamento do servizo, e debera cumprir os seguintes requisitos:


Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
O/A CONCELLEIRO/A - SECRETARIO/A DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,		
Documento	Expediente	Fecha
CONVI09K	CON/23/2011	21-03-11 14:00

1. Estar en posesión das licenzas e autorizacións que fosen necesarias para o desenvolvemento da actividade contratada.
2. Estar o corrente nas súas obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como no cumprimento das disposicións vixentes en materia de prevención de riscos laborais e de cantas outras obrigas legais lle compete polo seu réxime empresarial.
3. Ter oficina aberta e organización administrativa, técnica e funcional no Concello de Santiago, na data do comezo do contrato. Será necesario que dispoña de teléfono, e-mail y Fax funcionando en horario permanente que permita unha coordinación co Departamento de Igualdade.
4. Dispor de teléfono móbil que garanta a localización do/a coordinador/a por parte dos profesionais que prestan o servizo e, das persoas beneficiarias para o caso de producirse incidencias durante a xornada de traballo co fin, de que sexan resoltas no momento en que se produzan.
5. Asumir todos os gastos de transporte, roupa de traballo identificativa, desprazamentos entre servizos, así como o necesario para realizar a atención familiar ou colectiva.
6. Responsabilizarse da calidade técnica dos servizos realizados así como, das consecuencias que se deduzan para a Administración contratante, ou para terceiros, das omisións, erros, métodos inadecuados na execución do contrato.
7. Colaborar co Concello na posta en marcha de cantos procedementos sexan necesarios para o establecemento de sistemas de control de calidade. Se a empresa dispón de Sistemas de control de Calidade deberán ser entregados nos servizos de contratación para coñecer a súa repercusión no referente as persoas beneficiarias.
8. Asumir a súa responsabilidade e a do seu persoal a través das pólizas de seguros que precise. O Concello fiscalizará as distintas pólizas en canto á extensión dos riscos establecidos e a contía das indemnizacións para cuxo efecto os adxudicatarios aportarán para a súa conformidade os contratos concertados entre o adxudicatario e a compañía aseguradora. Así mesmo poderá esixir a revisión ou actualización dos riscos e indemnizacións. A empresa adxudicataria será responsable dos danos e perdas que ocasione a terceiras persoas durante a execución do presente contrato.
9. Naquelas situacións nas que se produzan saídas dos e das menores para a realización de actividades fóra dos espazos establecidos para a modalidade de atención colectiva ou, no caso da atención domiciliaria, fóra do seu domicilio; o adxudicatario deberá formalizar un seguro que cubra estas continxencias.

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
O/A CONCELLEIRO/A · SECRETARIO, DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.		
Documento	Expediente	Fecha
CONVI09K	CON/23/2011	21-03-11 14:00

10. Contar cos recursos materiais e humanos suficientes en número e cualificación para atender o servizo obxecto do contrato, asumindo todos os custos e as responsabilidades derivadas das relacións laborais de dito persoal, que en ningún caso se considerará persoal municipal.
11. Facer constar de maneira visible na documentación e publicidade que durante a prestación do servizo se xere, o logotipo do Concello de Santiago.
12. Proporcionar formación adecuada, suficiente e continuada os seus/súas traballadores/as en materias propias do servizo que deben prestar.
13. Colaborar, a través do seu persoal para que se fagan efectivos os dereitos e obrigas das persoas beneficiarias recollidas nas Bases reguladoras do servizo.
14. Prohibir o seu persoal percibir calquera tipo de gratificación, donativo ou contraprestación por parte das persoas beneficiarias do servizo.
15. O persoal identificarase a través dunha credencial que lle facilitará a empresa adxudicataria, coa conformidade previa do Concello.
16. O persoal da empresa adxudicataria deberá cumprir as medidas de seguridade e hixiene establecidas na lexislación vixente, así como manter sempre inescusablemente o segredo profesional.
17. Responsabilizarse da protección do ficheiro de datos de carácter persoal das persoas beneficiarias do servizo, conforme as esixencias da legalidade vixente. A empresa adxudicataria non poderá obter outros datos dos beneficiarios/as, con excepción dos estritamente necesarios para a correcta prestación do servizo.
18. A propiedade do ficheiro de datos de carácter persoal das persoas beneficiarias do servizo é do Concello de Santiago, polo que a empresa adxudicataria lle entregará ditos datos á finalización do contrato no soporte informático que se determine polo Departamento de Igualdade.
19. O adxudicatario e o seu persoal terán que respectar en todo caso as prescricións da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e o Real Decreto 994/1999, de 11 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de medidas de seguridade de ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal respecto ós datos de este carácter relativos a persoas usuarias do servizo.
20. O adxudicatario non poderá utilizar para si nin proporcionar a terceiros, datos dos traballos realizados en virtude do contrato, nin publicar total o parcialmente o contido dos mesmos sen autorización expresa do Concello de Santiago.



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 54.- PLOBA		
O/A CONCELLEIRO/A - SECRETARIO. DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.		
		
Documento	CONVI09K	Fecha
	CON/23/2011	21-03-11 14:00

21. Asimesmo, respecto da Modalidade de Atención Colectiva, o adxudicatario se obriga a:

- a) Manter o local onde se programe a actividade colectiva, naqueles casos nos que dito local sexa facilitado polo Concello de Santiago, no estado de conservación e coidado no que se atopaba.
- b) Subministrar o material funxible preciso para o desenvolvemento das actividades.

### 3.-SISTEMAS DE CONTROL DO SERVIZO

1. A empresa adxudicataria facilitará ao Departamento de Igualdade, a colaboración que se precise para que poida comprobar, se o estima oportuno, a materialización e calidade dos servizos prestados, mediante os medios e a extensión que considere pertinentes.
2. Así mesmo presentará unha memoria mensual de funcionamento do servizo nos termos que estableza o Departamento de Igualdade. Anualmente deberá aportar a memoria da actividade obxecto do contrato.
3. O Departamento de Igualdade poderá comprobar a materialización e a calidade do servizo, mediante os medios de avaliación que se determinen e, en todo caso, mediante un cuestionario de satisfacción realizado as persoas beneficiarias unha vez finalizado o servizo.
4. A/o Coordinador/a do servizo, comunicará ao Departamento de Igualdade, a través de calquera medio que permita a súa constancia, a confirmación do inicio de cada servizo, as modificacións relacionadas coa organización (baixas temporais, cambios no persoal, no horario, etc.) así como as incidencias significativas relacionadas coa xestión do mesmo.
5. Os/as técnicos municipais do antedito Departamento poderán solicitar o cambio do/a profesional, adscrito a un caso se o considera necesario para o desenvolvemento do servizo.
6. A empresa adxudicataria deberá seguir en todo momento as observacións que, de orde xeral, lle sexan formuladas dende o Concello para o mellor funcionamento do servizo.
7. A empresa formalizará:
  - Un Cadro de Incidencias Diarias do servizo no que indicará: altas, baixas, suspensións e reanudacións, as súas datas e motivación, nome da persoa beneficiaria e do persoal que vaia a realizar o servizo. Dito cadro será remitido semanalmente ao Departamento de Igualdade.

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 54.- PLOBA		
O/A CONCELLEIRO/A · SECRETARIO/A DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Documento CONVI09K	Beneficiario CON/23/2011	Fecha 21-03-11 14:00

- Un folia de control de prestación de cada servizo que deberá asignarse pola persoa beneficiaria, na que figurará: o número total de horas concedidas, datas e horarios nos que se vai a prestar.

#### 4. PERSOAL DA EMPRESA ADXUDICATARIA

##### A. REQUISITOS XERAIS

Correspóndelle á empresa adxudicataria as facultades de dirección e de control do seu persoal. Para tal fin, deberá nomear a un/unha coordinador/a que supervisará a asistencia e eficacia do servizo. Dito profesional será o único/a co que o departamento municipal competente manterá as necesarias relacións relativas ao servizo a prestar.

##### B MEDIOS HUMANOS DO CONTRATISTA

O persoal de atención á infancia serán profesionais con experiencia no coidado de menores, en número necesario, conforme a ratio de menores, e as funcións a desempeñar.

A empresa adxudicataria deberá contar, en todo caso, con un/unha coordinador/a durante o horario de funcionamento do servizo, que deberá posuír a titulación de licenciado universitario ou equivalente e acreditar ter formación en organización en xestión de recursos humanos, recoñecida por organismo público competente.

Os monitores ou monitoras adcritos ao servizo de atención á infancia deberán estar en posesión, como mínimo, do título de bacharelato.

#### 5. FUNCIONAMENTO E ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

Corresponde, en todo caso, ao Concello de Santiago, a través do Departamento de Igualdade, determinar e comunicar á empresa adxudicataria as persoas beneficiarias do servizo nalgunha das dúas diferentes modalidades recollidas neste prego e no Regulamento de funcionamento do servizo.

- O Departamento de Igualdade comunicará á empresa, por escrito, as altas no servizo, facendo constar:



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 54.- PLOBA		
O/A CONSELLEIRO/A - SECRETARÍA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Documento	CONVI09K	CON/23/2011
Fecha	21-03-11 14:00	

- ✓ Persoas beneficiarias e as súas características.
  - ✓ Detalle de horarios e periodicidade do servizo.
  - ✓ Especificidades a ter en conta para a correcta prestación do servizo, no seu caso.
  - ✓ Número necesario de profesionais, para os casos de atención colectiva, conforme a ratio de menores que o xustifique.
- Para os casos cualificados de urxentes, previa valoración dos/as técnicos/as municipais, o servizo deberá prestarse como máximo dentro das 48 horas posteriores a súa comunicación, que inicialmente poderá ser telefónica con posterior ratificación escrita.

## 6.- IGUALDADE DE XÉNERO

Todas as actividades asociadas á execución obxecto deste Contrato incorporarán a perspectiva de xénero de acordo co establecido no Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, de 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión.

## 7.- LINGUA VEHICULAR

Todos os documentos escritos que se deriven desta relación contractual entre o Concello de Santiago de Compostela e a empresa adxudicataria redactaranse en lingua galega, así como toda presenza pública (rótulos, indicadores, publicidade...) derivada dos servizos obxecto deste contrato.

A empresa adxudicataria poñerá á fronte dos servizos obxecto deste contrato, persoal con competencia lingüística abonda para desenvolver todas as actividades en lingua galega, sen prexuízo do respecto aos dereitos lingüísticos individuais das persoas usuarias cando estas así os demanden.

## 8. PROPOSTA TÉCNICA

As empresas interesadas no contrato de prestación deste servizo, deberán presentar unha proposta técnica que describa o enfoque e tratamento que pretenda darlle aos traballos a contratar, que deberá incluír:

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
O/A CONCELLEIRO/A - SECRETARIO/ DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.		
Documento	CONVI09K	Fecha
	CON/23/2011	21-03-11 14:00

1. Presentación curricular da empresa ou entidade licitadora. Breve descrición das características da empresa, obxectivos, finalidade, recursos e medios que ofrece para a adecuada prestación do servizo; debe quedar reflectido e motivado a súa idoneidade para a participación na presente licitación a través da relación entre o obxecto deste contrato e os fins empresariais.
2. Proposta metodolóxica de traballo, cunha memoria explicativa atendendo ao nivel de calidade, concreción e operatividade dos fundamentos expostos, nos procesos de organización, desenvolvemento, coordinación, seguimento e avaliación de cada un das modalidades do servizo.
3. Acreditación da existencia do Plan de calidade empresarial en vigor.
4. Acreditación da existencia do Plan de Igualdade en vigor.
5. Plan de formación empresarial.

A xefa de servizo da Área de Benestar Social



Teresa Furelos Toral